

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE MARZO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezanove de marzo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 14 de marzo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico básico da obra de “CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL EXISTENTE EN PARCELA DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, con data marzo de 2024,

cun importe total de execución por contrata de SESENTA E CATRO MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (64.999,97 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 15/03/24, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Bases reguladoras e convocatoria do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOP núm. 245, correspondente ao día 22 de decembro de 2023, e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan da instalación dunha cuberta á pista de pádel municipal que foi adxudicada no seu día e atópase en fase de execución. O Concello ten asignada a cantidade de 31.764,58 € no devandito Plan.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial a seguinte subvención con cargo ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, por importe global de TRINTA E UN MIL SETECENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (31.764,58 €), con destino á realización e financiamento do seguinte investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGAS OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Construción de cuberta en pista de pádel existente	64.999,97 €	31.764,58 €	33.235,39 €	0,00 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de TRINTA E TRES MIL DOUSCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (33.235,39 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Quinto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II” – EXPEDIENTE NÚM. [REDACTED]

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II”, na reunión celebrada o día 13 de marzo de 2024, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	MELLORA-1	MELLORA-2	MELLORA-3	Puntuación TOTAL
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	62.164,96 €	67,01	17,04	10,14	2,82	97,01
NAROM S.L.	██████	62.006,66 €	68,73	17,04	NON	NON	85,77
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	64.652,96 €	23,45	17,04	10,14	2,82	53,45
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	██████	65.992,61 €	0,00	NON	NON	NON	0,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L.	██████	61.994,00 €	70,00	NON	NON	NON	70,00

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	Puntuación TOTAL
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	97,01
NAROM S.L.	██████	85,77
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L.	██████	70,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	53,45
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	██████	0,00

2º.- O licitador proposto Construcciones Leonardo Miguélez S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 24ª do prego (RS núm. 2024-S-RE-115, do 13/03/24).

3º.- Con data 14 de marzo do corrente (RE núm. 2024-E-RE-141), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e no ámbito territorial da realización da obra obxecto de licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: █████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 51.376,00 €

IVE: 10.788,96 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Sesenta e dous mil cento sesenta e catro euros con noventa e seis céntimos (62.164,96 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a presente licitación, así como á realización efectiva das melloras ofertadas.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar directora de obra e coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a execución á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Díez Alonso.

5.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO” – EXPEDIENTE [REDACTED]

De conformidade co establecido na cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

6.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2024

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da convocatoria de subvencións realizada pola Deputación Provincial dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2024 (BOP núm. 36, do 20/02/24) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento de dous bloques de accións: un campamento de verán denominado “Rodeiro de Aventura”, a desenvolver no período de vacacións escolares de verán, entre os meses de xullo e agosto, en horario vespertino; e os

traballos necesarios para a avaliación do III Plan para a igualdade de xénero do Concello de Rodeiro.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto denominado “*EQUAL-CAMBA 2024*”, cun orzamento total por importe de ONCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (11.299,40 €), IVE incluído.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial a cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €) para a realización das actividades incluídas no proxecto.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)